

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación.*

Advertidos erros no Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 24, do 4 de febreiro de 2011, é necesario facer as seguintes correccións:

1. Na páxina 2.003, no parágrafo 9º, onde di: «o Regulamento (CE) 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas estatais para pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas, e polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001, ofrece no seu artigo 10º a posibilidade de indemnizar os agricultores afectados por enfermidades das plantas cando estas fosen causadas por unha praga declarada oficialmente e de erradicación obligatoria», debe dicir: «A Comunicación da Comisión 2006/C 319/01 de directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013, ofrece no seu punto VII.C (175) c) a posibilidade de indemnizar os agricultores para a prevención, erradicación e trata-

mento de pragas así como os danos causados por pragas e enfermidades das árbores, podendo concederse axuda para compensar a perda destes».

2. Na páxina 2.008 onde di: «Disposición adicional. Única.», debe dicir: «Disposición adicional primeira.».


3. Na páxina 2.008 no punto de Disposición adicional, engádese: «Disposición adicional segunda.

O pagamento das axudas reguladas neste decreto quedará condicionado á decisión positiva da Comisión Europea sobre compatibilidade destas co mercado común, de acordo co establecido no artigo 108º.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. A devandita condición deberá figurar nas resolucións de concesión da axuda no caso de que non se tivese acadado tal compatibilidade na data da súa sinatura».

Corrección de erros.-Orde do 25 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas en concorrencia competitiva para a implantación de servizos de xestión, substitución e asesoramento nas explotacións agrarias, e se convocan para o ano 2010.

Advertido erro na devandita Orde do 25 de marzo de 2010, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 61, do 31 de marzo de 2010, cómpre facer a oportuna corrección:

Na páxina 4.751, o anexo XVI modifícase, quedando do seguinte xeito:



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO XVI Solicitud de pagamento

DON/DONA	DNI
COMO REPRESENTANTE DE	CIF
CON DOMICILIO SOCIAL EN	

Como beneficiario/a dunha axuda solicitada ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas en concorrencia competitiva para a implantación de servizos de aconsellamento, xestión e substitución do ano 2010.

Que se certifiquen os investimentos realizados, polo seguinte importe total:.....
SOLICITADO:

Nº	INVESTIMENTO/POSTO DE TRABALO E SERVIZO (1)	ENTIDADE EMISORA/TRABALLADOR (2)	NÚMERO FACTUR A	DATA FACTUR/A/MES NÓMINA	IMPORTE SEN IVE/CUSTO BRUTO TOTAL (3)	XUST. BANCARIA (4)
1						<input type="checkbox"/>
2						<input type="checkbox"/>
3						<input type="checkbox"/>
4						<input type="checkbox"/>
5						<input type="checkbox"/>
6						<input type="checkbox"/>
7						<input type="checkbox"/>
8						<input type="checkbox"/>

(1) Indicar o ben material adquirido ou o posto de traballo e servizo (exemplo: ordenador portátil modelo A, veterinario aconsellamento...)

(2) Indicar a entidade emisora da factura ou o nome e apelidos do traballador do cal se subvencionou o contrato.

(3) Indicar o importe sen IVE no caso da adquisición de bens materiais ou o custo bruto total salarial (sen incluír a S.S. da empresa; detraer os conceptos de percepcións non salariais posto que non son subvencionables).

(4) Xustificación bancaria do pagamento da factura ou nómina, segundo corresponda.

E, para que conste para os efectos de que se proceda á certificación dos investimentos realizados, asino esta solicitude en de de 20...

Asílo: